




**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)



ORDENANZA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE.

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/88 citada, acorda a imposición e ordeación da Taxa por documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as autoridades locais, a instancia de parte.

Artigo 2º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2. A estes efectos, entenderáse tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)



1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada según a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, dacordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota da Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

Artigo 6.º Tarifa.

A tarifa desta Taxa será a que figura no anexo.

Artigo 7.º Percepción.

1. Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2.º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 8.º Declaración e ingreso.

1. A Taxa esixírase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestos mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.


2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non lle poderá dar curso sen que se subsane a deficiencia, e para tal fin se requerirá ó interesado para que, no prazo de dez días, abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que, transcurrido dito prazo sen efectualo, teránse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. O importe desta Taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, sustituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, e un dos exemplares se unirá ó escrito e outro á copia que se devolva ó interesado.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)



Artigo 9.º Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estaráse ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)

ANEXO

Modelo

Primeiro. Tarifa.

PARA APLICACION DA ORDENANZA DA TAXA POR DOCUMENTOS
QUE EXPINDAN OU DE QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS
AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE:

<u>Concepto</u>	<u>Pesetas</u>
POR CERTIFICACIONES DE ACORDOS ATA CINCO ANOS	500 Pts.
POR CADA ANO SUPERIOR OS CINCO	100 Pts.
POR COMPULSAS DE DOCUMENTOS	100 Pts.
POR BASTANTEO DE PODERES	2.000 Pts.

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

Terceiro. Data de aprobación.

DILIXENCIA:

Póñoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as autoridades locais, a instancia de parte, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998



C O N C E L L O

DE

ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

Rúa Campo da Feira nº 1
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85
Fax: 986 74 73 91

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 24 de abril de 2006, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“5º MODIFICACIÓN DO ANEXO-TARIFA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS A INSTANCIA DE PARTE.-

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalle ós membros do Pleno da Corporación que coa posta en funcionamento do Punto de Información Catastral, autorizado pola Gerencia Territorial do Catastro con data 14 de febreiro de 2006, considérase necesario a implantación dunha taxa pola expedición de documentos; dado que o funcionamento desta oficina supón a adscrición do equipamento informático e persoal autorizado para a súa xestión co conseguinte custe de prestación; polo que para evitar que estes custos sexan repercutidos indirectamente no conxunto dos ingresos correntes do Concello e sexan repercutidos de forma directa ós usuarios do mesmo é polo que se propón modifica-lo anexo-tarifa introducindo a prestación destes novos servizos e actualizando os xa previstos nesta Ordenanza.

As tarifas que se propoñen foron calculadas de modo que o seu importe non exceda do custo previsible do servizo e tendo en conta os criterios xenéricos da capacidade económica da poboación beneficiaria.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, e aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º/ Modifica-lo anexo-tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as autoridades locais a instancia de parte, coa inclusión dos conceptos Certificación Catastral e Consulta – Informe Sigpac ou Cartografía e documentación castastral, quedando como segue:

Primeiro.- Tarifa:

Concepto	Taxa
CERTIFICACIÓN DE ACORDOS ATA CINCO ANOS:	3,00 €
POR CADA ANO SUPERIOS OS CINCO:	1,00 €
POR COMPULSA DE DOCUMENTOS:	1,00 €
POR BASTANTEO DE PODERES:	12,00 €
CERTIFICACIÓN CATASTRAL	5,00 €



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2012, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE.

O Sr. alcalde-presidente maniféstalle aos membros presentes da Corporación que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 10 de agosto de 2009, aprobou a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as Autoridades Locais, coa aplicación da mesma nestes anos observouse a necesidade de introducir modificacións, por canto non se regula a taxa para tomar parte nos procesos selectivos, que actualmente se gravan a través das bases reguladoras, faise necesario delimitar con mais precisión o concepto “Outros certificados ou informes” e ampliar exencións á expedición de certificados que soliciten os empregados públicos do Concello de Meaño por necesidades propias da relación funcional ou laboral ou ás compulsas de documentos para participar en procesos selectivos no Concello.

Despois dunha breve deliberación e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame proposta da Comisión Especial de Contas, co voto en contra do Sr. Pazos Castro e por nove votos a favor, acorda:

1º/ Modifica-lo anexo-tarifa da taxa por documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as autoridades locais a instancia de parte, introducindo as seguintes modificacións:

1.- Introducir na tarifa o concepto: **Solicitudes para tomar parte en procedimientos de selección e promoción de persoal funcionario ou laboral:**

Personal funcionario ou laboral fixo:

a) Grupos A1 e A2 ou equivalente	20,00 €
b) Grupo B ou equivalente	18,00 €
c) Grupo C1 ou equivalente	16,00 €
d) Grupo C2 e antigo Grupo E ou equivalente	10,00 €

Personal laboral temporal:

a) Contratos duración igual ou superior a 6 meses	5,00 €
b) Contratos inferiores a 6 meses	3,00 €

2.- Clarificar o concepto “**Outros certificados ou informes**”, quedando

* Certificacións de documentos ou acordos municipais, nos que se inclúen as certificacións sobre os Padrón municipal de habitantes anteriores a 1996, expedidos a petición

de interesado.

3.- Introducir, aparte das existentes, as seguintes exencións:

*** Outros certificados:**

Quedan exentos desta taxa a expedición de certificados que soliciten os empregados públicos do Concello de Meaño por necesidades propias da relación funcional ou laboral.

*** Compulsas:**

Quedan exentas as compulsas de documentos que se aporten a procesos selectivos.

Quedando como segue:

“PRIMEIRO. TARIFA:

- Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:

* Certificados de empadronamento e convivencia 1,00 €

- Fotocopias, compulsas e bastanteos:

* Fotocopias en branco e negro 0,10 €

* Fotocopias en color 0,30 €

* Compulsa de documentos (folio) 1,00 €

* Bastanteo de poderes 12,00 €

- Documentación do Punto de Información Catastral (PIC):

* Informes catastrais sobre bens inmobles urbanos ou rústicos, por documento expedido 1,00 €

* Certificacións catastrais descriptivas e gráficas referidas a unha unidade urbana ou unha parcela rústica, por documento expedido 10,00 €

- Documentos urbanísticos:

* Por cada certificación ou informe que se expida en materia urbanística ou polos servicios urbanísticos, solicitada a instancia de parte 30,00 €

* Por cada certificación ou informe que se expida sobre incoación ou non de reposición da legalidade urbanística ou antigüedad solicitada a instancia de parte 30,00 €

- Outros certificados ou informes:

* Certificacións de documentos ou acordos municipais, nos que se inclúen as certificacións sobre os Padrón municipal de habitantes anteriores a 1996, expedidos a petición de interesado

De ata 5 anos 3,00 €

Por cada ano superior aos 5 anos 1,00 €

* Expedición de informe sobre intervención ou actuacións da Policía Local incluídos accidentes de tráfico a petición do interesado 50,00 €

- Solicitudes para tomar parte en procedementos de selección e promoción de persoal funcionario ou laboral:

Personal funcionario ou laboral fixo:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@terra.es • Web: www.concellodemearno.com

a) Grupos A1 e A2 ou equivalente	20,00 €
b) Grupo B ou equivalente	18,00 €
c) Grupo C1 ou equivalente	16,00 €
d) Grupo C2 e antigo Grupo E ou equivalente	10,00 €

Personal laboral temporal:

a) Contratos duración igual ou superior a 6 meses	5,00 €
b) Contratos inferiores a 6 meses	3,00 €

SEGUNDO. EXENCIONS - DEDUCIONS NO IMPORTE:

- Exencions:

*** Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:**

Quedan exentos desta taxa os certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes cando se expidan a petición de interesado e para a xestións en materia de educación, servicios sociais, pensións e vivenda.

*** Fotocopias:**

Quedan exentos desta taxa as fotocopias realizadas ás distintas asociación do municipio inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

*** Outros certificados:**

Quedan exentos desta taxa a expedición de certificados que soliciten os empregados públicos do Concello de Meaño por necesidades propias da relación funcional ou laboral.

*** Compulsas:**

Quedan exentas as compulsas de documentos que se aporten aos procesos selectivos convocados polo Concello de Meaño.

- Deducións no importe:

Estes importe reducirase no 50% cando os interesados do documentos a que afecten estas taxas se atope en algunha das seguintes situacións:

- Situación de desemprego.
- Pertencer a familia numerosa
- Estudiantes

Os beneficiarios destas deducións deberán acredita-lo mediante a presentación da tarxeta de demandante de emprego, libro de familia numerosa ou carnet de estudante.

TERCEIRO.- DATA DE APROBACIÓN:

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de xuño de 2012, entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte o da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º Aprobar provisionalmente a modificación dos anexos-tarifas, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por

documentos que expidan ou de que entendan o Concello ou as autoridades locais a instancia de parte.

3º/ Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións, ó abeiro do art. 17 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en Meaño a dezanove de xuño de dous mil doce.

Visto e praxe
O alcalde

